

**MENSAXE DE [XOÁN IGNACIO TAIBO](#) (ESCRITOR. PROFESOR DURANTE O CURSO 83-84 NO INSTITUTO DE ORTIGUEIRA)**



No instituto de Ortigueira só estiven no 83-84. A miña experiencia de ensinante era incipiente, mais rodeoume unha cuadrilla feiticeira de compañeiros... Para min foi aquel un curso único e marabilloso como ningún outro, e mirade que sempre o pasei moi ben en todas as aulas. Mais aquel tempo nunca se repetiu.

Foi en Ortigueira onde me namorei desta profesión, e namorado sigo, cinco anos xubilado xa. Débollo ao meu alumnado do Ortegá, á súa receptividade e á súa agarimosa comunicación, a un meigallo que aínda me consinte lembrar os nomes de moitos de vós, algo que non ten explicación.

Se non estou hoxe convosco, aquela maxia que me inoculastes permanece comigo. Grazas